

Provincia	ZONA		CONCELLO		LOCALIDADE		CENTRO	
	Cód.	Zona	Cód.	Concello	Cód.	Localidade	Cód.	Centro
36	360519	VILANOVA DE AROUSA	36061	Vilanova de Arousa	360610701	Vilanova de Arousa	36015792	CEIP Xulio Camba
36	360519	VILANOVA DE AROUSA	36061	Vilanova de Arousa	360610701	Vilanova de Arousa	36019414	IES A Basella
36	360519	VILANOVA DE AROUSA	36061	Vilanova de Arousa	360610701	Vilanova de Arousa	36024203	IES Faro das Lúas

## ANEXO II

Especialidades	Titulación
Educación infantil	Mestra/mestre. Especialidade de educación infantil. Profesora/profesor de educación xeral básica, especialidade preescolar.
Filoxía e lingua estranxeira: inglés	Mestra/mestre. Especialidade de lingua estranxeira. Profesora/profesor de educación xeral básica: especialidade en lingua española e idioma moderno. Licenciada/o en filoxía inglesa, ou ter superados os tres primeiros cursos desta licenciatura.
Filoxía e lingua estranxeira: francés	Mestra/mestre. Especialidade de lingua estranxeira. Profesora/profesor de educación xeral básica: especialidade en lingua española e idioma moderno. Licenciado en filoxía francesa, ou ter superados os tres primeiros cursos desta licenciatura.
Educación física	Mestra/mestre. Especialidade de educación física. Profesor de educación xeral básica, especialidade de educación física. Licenciada/o do INEF, ou ter superados os tres primeiros cursos desta licenciatura.
Educación musical	Mestra/mestre. Especialidade de educación musical. Título de grao medio ou superior dos conservatorios de música.
Pedagogía terapéutica	Mestra/mestre. Especialidade de educación especial. Profesora/profesor de educación xeral básica, especialidade de educación especial. Licenciada/licenciado en pedagogía e homologados. Licenciada/licenciado en psicopedagogía.
Audición e linguaxe	Mestra/mestre. Especialidade en audición e linguaxe.
Educación primaria	Mestra/mestre. Especialidade de educación primaria. Profesora/profesor de educación xeral básica, especialidade de educación primaria. Mestra/mestre especialidade de matemáticas, ciencias naturais, ciencias sociais ou filoxía francesa.

*Resolución do 17 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fai pública a lista definitiva dos opositores que deberán realizar a proba de acreditación do coñecemento de lingua galega no procedemento selectivo de ingreso no corpo de mestres.*

Transcorrido o prazo previsto na Resolución do 9 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* do 12 de xuño) pola que se fixo pública a lista provisional dos opositores que deberán realizar a proba de coñecemento da lingua galega, no procedemento selectivo para ingreso no corpo de mestres.

Esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

**DISPÓN:**

Primeiro.-Facer pública a lista definitiva de opositores que deberán realizar a proba de lingua galega do procedemento selectivo para ingreso ao corpo de mestres que figuran no anexo I desta resolución.

Segundo.-Recórdase que a data da proba de lingua galega será o día 23 de xuño de 2009, segundo a Resolución do 9 de xuño de 2009 e que a dita proba é eliminatoria.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez  
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

## ANEXO

Nº	Apelidos e nome	DNI/NIE
1	Abelleira Pequeño, Mª José	76360940-C
2	Arias Hermida, Laura Verónica	33539049-N
3	Barca Pérez, Soraya	72127460-N
4	Barreiro Pazos, Carlos Humberto	44087191-D
5	Cougil Hermida, Francisco	34964513-M
6	Creixell Rigol, Meritxell	36527529-X
7	Espinosa González, José Luis	04213614-Z
8	Estévez Coronado, Laura	02278039-G
9	Fernández del Campo Carranza, Florencia	72256015-C
10	Fernández Rodríguez, Beatriz	50732250-T
11	Flores Labandeira, María Fe	77478102-A
12	Franco Arias, Javier	53493834-C
13	García Egido, José	70865992-W
14	García Gómez, Ruth	72488133-E
15	García Pérez, Cristian	71516838-V
16	González García, Iván	09795965-N
17	González González, Ana	76944752-T
18	González González, Miguel	35548188-D
19	Gutiérrez Torre, Lara Pilar	72093417-D
20	Iglesias Álvarez, Eva	52938576-M
21	Janeiro Chacón, Jenith Mar	77477452-C
22	Jiménez Iglesias, José Manuel	48913732-T
23	Lindh, Malin Gerda Sigrid	X3313461N
24	López Martínez, Vanesa	15485147-Y
25	López Peón, Mercedes	33849243-M
26	Otero Fernández, Celia	36035916-E
27	Otero Seara, María del Carmen	44075081-C

Nº	Apelidos e nome	DNI/NIE
28	Peetermans, David	X6039618W
29	Pereiro Fernández, Judith	76939872-L
30	Portela Fontán, Iván Benito	35321510-L
31	Ruibal Villar, María del Carmen	35440046-J
32	Soto Groba, Roberto	35550901-P
33	Torres Jaramillo, Mª Elena	05668013-P
34	Vázquez Toja, Manuel	32428960-H
35	Vicente Núñez, María Pilar	36020970-A
36	Villar Lima, Edelmiro	35280681-S
37	Zaera Pérez, María Mercedes	33222193-G

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 11 de xuño de 2009 pola que se convoca a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.*

De conformidade co establecido no artigo 29.º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, esta consellería

### DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I.

Segundo.-Poderán concorrer a el os funcionarios de carreira que reúnan as condicións sinaladas no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Traballo e Benestar (edificio administrativo San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de quince (15) días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os aspirantes deberán unirle á petición un *curriculum vitae* e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Quinto.-Esta convocatoria será resolta pola Consellería de Traballo e Benestar. No caso de que resulte seleccionado para ocupar o posto de traballo que se anuncia no anexo I desta orde un funcionario con destino noutra Administración, requirirase informe favorable da Administración de orixe que, de non emitirse no

prazo de quince (15) días naturais e tal como dispón o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, considerarase favorable. Unha vez tramitado o seu traslado a esta comunidade autónoma, procederase á adxudicación do posto para o cal foi seleccionado.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no DOG, e poderá declararse deserto o posto de traballo, de considerarse oportuno.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días, se o destino anterior está na mesma localidade do novo destino, e dun mes, se está en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo.

O prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación no DOG, ou desde a data en que se comunique a resolución do traslado á comunidade autónoma, para o caso de funcionarios doutras administracións públicas.

Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión empezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG.

Oitavo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2009.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

### ANEXO I

Denominación do posto: secretario/a do/a director/a xeral.

Código: TR.C05.00.000.15770.001.

Nivel: 18.

Complemento específico: 6.536,73 €.

Grupo: CD.

Corpo/escala: xeral.

Tipo de adscrición: A11.

Formación específica: 641, 020.

Dependencia: Dirección Xeral de Relacións Laborais.

Localidade: Santiago de Compostela.

-Descrición códigos de adscrición ás administracións públicas:

A11: adscrición indistinta a funcionarios da Administración da Xunta de Galicia, Administración do Estado, Administración de comunidades autónomas.

Descrición códigos de formación específica:

020: coñecementos de informática nivel usuario.

641: para persoal doutra Administración, curso de iniciación de galego (requisito indispensable).